FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA

ESTUDIO DOS AUTÓNOMOS DE OURENSE ANO 2011

ASOCIACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE OURENSE

FEAGA OURENSE

15 de febreiro de 2012

1. **RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS (RETA)**

   1.1. **CAMPO DE APLICACIÓN**
   1.2. **SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA**

2. **SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA**

   2.1. **MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2009-2010**
   2.2. **SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES**
   2.3. **AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS**
   2.4. **AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE**
   2.5. **O PERFIL DO AUTÓNOMO**
   2.6. **OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS**
      2.6.1. **EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS POR PROVINCIA**
      2.6.2. **AFILIACIÓNS DOS EXTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA POR PROVINCIA.**
      2.6.3. **AFILIACIÓN MEDIA DO XÉNERO DOS EXTRANXEIROS POR PROVINCIAS**
      2.6.4. **AFILIACIÓN EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE**
      2.6.5. **AFILIADOS MEDIOS EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR RÉXIME E PAÍSES DE PROCEDENCIA**

3. **SITUACIÓN ACTUAL EN OURENSE**

   3.1. **MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2009-2010**
   3.2. **SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES**
   3.3. **AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO**
   3.4. **AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE**
   3.5. **OS AUTÓNOMOS ESTRANXEIROS**

4. **PENSIÓNS E PENSIONISTAS**

   4.1. **PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA**
   4.2. **PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN GALICIA**

5. **OS AUTÓNOMOS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS**

   5.1. **SITUACIÓN EN ESPAÑA**
   5.2. **SITUACIÓN EN GALICIA**

6. **CONCLUSIÓNS XERAIS**

1. RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

1.1. CAMPO DE APLICACIÓN.

Un traballador autónomo ou empresario individual é a persoa física que realiza de forma habitual, persoal e directa a actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo e aínda que utilice o servicio remunerado doutras persoas.

Ó longo de este estudio analizamos as estatísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social (http://www.seg-social.es) centrándonos no Réxime Especial dos Autónomos e facendo tamén referencia ó Réxime Especial para traballadores por Conta Propia Agrarios, debidos os cambios xerados pola Lei 18/2007. En aplicación desta Lei, dende xaneiro do 2008 procedeuse á integración no Réxime Especial de Traballadores Autónomos do novo Sistema Especial de Traballadores Agrarios (SETA), que incorpora ós traballadores por conta propia do Réxime Especial Agrario.

Ós efectos deste Réxime Especial, entenderase como traballador por conta propia ou autónomo, aquel que realiza de forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servicio remunerado doutras persoas, sexa ou non titular de empresa individual ou familiar.

Presumirase, salvo proba en contrario, que no interesado concorre a condición de traballador por conta propia ou autónomo se o mesmo ostenta a titularidade dun establecemento aberto ó público como propietario, arrendatario, usufructuario ou outro concepto análogo.

Pola Lei 18/2007, do 4 de Xullo establécese, dentro do Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e con efectos dende 1 de Xaneiro de 2008, o Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

- **Ser titulares dunha explotación agraria** e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total
- **Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75 % do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no Réxime Xeral da Seguridade Social.**
- A **realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea**, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de

traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

No caso de non cumprir estes requisitos formarán parte do Réxime Especial Agrario. Quedarán incluídos os traballadores maiores de dezaseis anos que realicen labores agrarios con carácter retribuído por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección outra persoa física ou xurídica.

Expresamente quedan incluídos:

- Os Pastores, Gardas Rurais e de coutos de caza pesca que teñan ao seu cargo a custodia de gando ou a vixilancia de explotacións agrarias dun ou varios propietarios.
- Traballadores ocupados en faenas de rego e en labores de limpeza, monda e roza de canles, brazais, cando estes traballos non teñan outro fin que o de aproveitamento das augas para uso exclusivo das explotacións agropecuarias.
- Os traballadores que, como elementos auxiliares, presten servizos non propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios de forma habitual e con remuneración permanente en explotacións agrarias. Terán este carácter os técnicos, administrativos, mecánicos, condutores de vehículos e maquinaria e calquera outros profesionais que desempeñen o seu labor na explotación.

Exclusións:

- Os **mecánicos e condutores de vehículos e maquinaria os propietarios da cal arrenden os seus servizos para labores agropecuarios**, sen ser titulares dunha explotación ou cando séndoo non os utilicen nesta.
- Os **operarios que traballen directamente por conta das empresas a actividade das cales é a de aplicacións fitopatolóxicas**.
- O **cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive, ocupados na súa explotación agraria** cando convivan no seu fogar e estean ao seu cargo, a non ser que se demostre a súa condición de asalariados, sen prexuízo de que poidan ter a consideración de traballadores por conta propia.

1.2. SITUACIÓN DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA.

No ano 2011 déronse de baixa 32.980 traballadores por conta propia en España a consecuencia dos efectos da crise económica, o que supón unha contracción do 1,06 % deste colectivo, que comezaba o ano 2011 con 3.100.479 afiliados en España no RETA, e remataba o ano con 3.067.499. Estes datos amosan a línea continuista de destrucción de emprego autónomo dende o comezo da crise, aínda que parece amosar unha leve melloría con repecto ó ano 2010, no que a contracción se situara no 1,79%.

O total de altas computadas no ano acadaban a cifra de 546.782 fronte a un total de baixas de 579.762. Así a 31 de decembro o balance acaba con 32.980 afiliacións menos, o que supón que diariamente de media se perdan un total de 75 autónomos en España.

Ó longo de 2011 podemos destacar o saldo positivo (maior número de afiliacións que baixas) dos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño, destacando principalmente o mes de abril onde o incremento foi de 12.969 autónomos. Por banda contraria, os meses de xaneiro, xullo, agosto, setembro e outubro arroxan un saldo negativo (maior número de baixas que de afiliacións), onde o mes de xaneiro daba comezo o ano perdendo 20.706 autónomos.

Tras os meses de recuperación continuada de febreiro, marzo, abril, maio e xuño, o mes de xullo comeza unha perda continuada de emprego autónomo ata o mes de decembro.



XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
37.645	47.735	50.499	54.486	47.035	48.171	48.288	31.760	45.758	51.430	44.278	39.697
58.351	45.495	44.745	41.517	42.419	46.631	53.859	43.080	48.332	55.577	54.508	45.248
-20.706	**2.240**	**5.754**	**12.969**	**4.616**	**1.540**	**-5.571**	**-11.320**	**-2.574**	**-4.147**	**-10.230**	**-5.551**

En 2011 todas as Comunidades Autónomas, agás Canarias, Ceuta e Melilla sofren destrucción de emprego autónomo.

A Comunidade Autónoma que lidera a perda de autónomos no ano 2011, ó igual que no ano 2010, é Cataluña, cunha perda de 7.826 afiliados, que representa un 23,79 % da reducción total de autónomos en España. Séguelle a Comunidade Valenciana cunha perda de 4.236 autónomos, e Galicia que perde **3.037** autónomos ó longo do ano 2011, situándose como a terceira comunidade de España que máis emprego autónomo destruiu ó longo do ano 2011.

Aínda que en termos absolutos a perda con respecto ó ano 2010 é menor (onde se perderon 5.137 autónomos), en Galicia consolídase a tendencia de perda de traballo autónomo empeorando a súa situación particular con respecto ó ano 2010, no que ocupaba o cuarto lugar das comunidades con maior número de perdas de autónomos.




Variación afiliacións por Comunidades (1 de Xaneiro-31 de Decembro) 2011
98
80
-2056
-1244
-1428
-808
-840
919
-2276
-1722
-4236
-2354
-373
-586
-770
-2218
-3037
-7826
-2303
MELILLA
CEUTA
C. LEON
MADRID
BALEARES
EXTREMADURA
NAVARRA
CANARIAS
C. LA MANCHA
ARAGON
C.VALENCIANA
MURCIA
LA RIOJA
CANTABRIA
ASTURIAS
ANDALUCIA
GALICIA
CATALUÑA
PAIS VASCO
Variación
-10000
-8000
-6000
-4000
-2000
0
2000

Se nos referimos á afiliación media rexistrada en España ó longo do ano 2011 no Total do Sistema (reflexa mellor como foi a afiliación no conxunto do ano), podemos decir que a Seguridade Social perdeu 237.215 afiliados no ano 2011, ó pasar de 17.670.376 afiliados medios no ano 2010 a 17.433.161 afiliados medios no ano 2011, o que significa un descenso do 1,34% (o que indica unha menor caída ca sufrida no ano 2010, que se situara no 1,98 %). O Réxime do mar perde de media no ano 2011, 1.724 afiliados, o Réxime do Carbón rexistrou 781 baixas, o Réxime Xeral tamén consolida a tendencia baixista ó perder 201.781 afiliacións de media no ano.

Por outra banda cabe suliñar, ó igual que ocorrera no ano 2010, o balance positivo que reflicten o Réxime Especial Agrario, que acadou un aumento de 2.285 afiliados de media (1.871 no ano 2010), e o Réxime Especial de Empregados do Fogar que incrementou a súa conta en 2.500 afiliados novos de media no ano 2011 (polos 5.116 novos inscritos no ano 2010).

Durante o 2011 os tres sectores de actividade que teñen un maior número de autónomos afiliados son, Comercio e Reparación de Vehículos (cunha media de 779.307 afiliados), seguido pola Construcción, con 418.872 afiliados de media, e a Hostelería con 317.893 afiliados.

Aínda que a Construcción se mantén como un dos sectores con maior número de afiliados, cabe destacar que o efecto devastador que a crise económica está a ter sobre o tan chamado "sector do ladrillo", fai que este sector perda 19.296 afiliacións de media ó longo do ano 2011.

Comparando os datos de afiliación media do ano 2010, cunha afiliación media de autónomos de 3.130.330 traballadores cos datos do ano 2011, pódese apreciar unha reducción do 1,20 % ó perder 37.713 autónomos ata situarse nos 3.092.616 autónomos de media cos que pechou o ano 2011. Analizando estes datos podemos observar que continúa a tendencia destructiva de emprego autónomo, aínda que tamén se pode afirmar que a perda durante o ano 2011 foi menor a rexistrada no ano 2010, onde se perderon 90.439 autónomos (unha reducción do 2,80 % na media de afiliacións), é decir, no ano 2010 destruiuse máis do doble de emprego autónomo que ó longo do 2011.

Nas seguintes gráficas poderemos observar a evolución mensual na media de afiliados ó Rexime Especial de Traballadores Autónomos durante o ano 2011 e o comportamento que ven presentado a afiliación ó réxime especial autónomo dende o ano 2007 (sinalado como o comezo da crise económica).



EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN DOS AUTÓNOMOS



A media anual do 2011 é de 3.092.616 afiliados autónomos, o 6,63 % pertencía ó Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios (S.E.T.A) e o 93,37 % ó Sistema Normal (NON S.E.TA.). En comparación con ano 2010, cun 6,98 % SETA e un 93,2 % Non SETA, o que reflexa un descenso dun 0,35 % na afiliación no Sistema Especial de Traballadores por Conta Propia Agrarios.



En canto a afiliación por Xénero no caso das mulleres representa un 34% do total, mentras que nos varóns ven sendo un 66 % con respecto o total, o ano acaba con 2.021.187 varóns, e 1.050.468.mulleres en valores numéricos.



2. SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA

Comezamos o ano en xaneiro 2011 perdendo 15.368 afiliados medios no sistema da Seguridade Social co cal contamos con 982.407 traballadores ó rematar dito mes na Comunidade galega. Isto supón unha variación negativa de 1,54% traballadores afiliados en comparanza co mes de Decembro do ano anterior.

Os peores meses para o sistema da seguridade social na nosa comunidade foron os de xaneiro coa perdida de 15.368 Afiliados con respecto o mes anterior, e os de setembro e outubro, coa perdida de 10.982, e 9.199 respectivamente.

Os mellores meses foron os de xullo e maio, con unha ganancia de 12.171 e 2.502 afiliados respecto os meses anteriores.

A finais de Xaneiro as afiliacións nos diferentes réximes distribúense como vemos a continuación; o 22,20 % dos traballadores de Galicia estaban afiliados ó Réxime Especial dos Autónomos (R.E.T.A.), un 0,48 % cotizaba no Réxime Especial Agrario, no Réxime Especial do Mar, rexistrábase un 2, 40 % dos traballadores, fronte a gran maioría, o 72,84 % que pertencía o Réxime Xeral.



En febreiro o número de afiliados medios sofre unha lixeira diminución (55 afiliados de media menos con respecto o mes anterior), situando o nivel de afiliación en 982.352 traballadores. En marzo e nos meses seguintes seguirase cunha tendencia alcista no número de afiliacións ata acadar a cifra máxima no mes de agosto con 1.001.568 afiliacións de media.

Se ben agosto é o mes con maior número medio de afiliados, a maior suba tivo lugar no mes de xullo, onde se ganaron 12.170 novos afiliados, o que supuxo un incremento con respecto ó mes de Xuño do 12,32 %. Aínda que supón un bo dato, demostra o mesmo comportamento que tivera o ano 2010, cando, no mesmo mes, gañara 12.245 novas afiliacións, pero ca diferencia de que o número de afiliacións nese momento se situaba en 1.028.782, é decir, 27.214 afiliados máis con respecto a este ano.

A partires do mes de Agosto, onde tamén subiu afiliación media, pero case de maneira testimonial (182 novas afiliacións), comeza un descenso pronunciado e acusado do número de afiliacións, cerrando o ano con 966.895 afiliados de media.

TRABALLADORES GALICIA MEDIA MENSUAL 2011



Podemos destacar o mes de **Setembro**, onde se produxo a maior baixada nas afiliacións no ano 2011, perdendo, con respecto o mes de Agosto, 10.982 afiliados de media, que supuxo un descenso do 1,096 %. Esta situación de perda de afiliados continuará nos meses de Outubro, no que se perden 9.199 traballadores, Novembro, con 7.042 afiliados menos, e Decembro, con no que a baixada foi de 7.450 afiliados, rematando o ano con 966.895 afiliados, sendo Decembro por tanto, o mes ca media de afiliación máis baixa de todo o ano 2011.

En termos porcentuais debemos situar a caída interanual na taxa de afiliación media no 1,57 %. Comparando co ano 2010 os datos non son moi alentadores para o sector.

Rematado o ano 2010 computábanse 997.774 afiliados de media polos 966.895 cos que pecha o mes de decembro do 2011, o que supón unha perda de 30.879 na media de cotizantes.

A finais de Decembro do 2011 o número de traballadores galegos rexistrados na seguridade social era de 966.895 dos que o 22% estaban afiliados ó Réxime Especial dos Autónomos, destes o 3% pertence ó SETA (Sistema Especial de Traballadores Agrarios) e o 19% pertence o NON SETA. Un 0% estaban afiliados ó Réxime Especial Agrario, fronte ós afiliados ó Réxime Xeral que representan unha maioría dun 72%. Os traballadores inscritos ó Réxime Especial do Mar representan un 2 % do total.

Neste ano 2011 na nosa Comunidade 31.573 traballadores autónomos déronse de baixa como afiliados no RETA dende Xaneiro de 2011 ata finais de ano, e soamente se deron de alta 28.689 traballadores, como consecuencia temos 2.884 traballadores menos afiliados no Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social a finais do ano 2011 en Galicia. Durante o 2010 estes datos eran 30.936 baixas e 25.799 altas, o que supuxo un perda de autónomos de 5.137 afiliados, a perda no 2011 tende a diminuir.

Variación mensual de altas e baixas no R.E.T.A en Galicia (2011)



A comunidade galega comeza o ano con 220.433 traballadores por conta propia, e cerrará no mes de novembro con 217.396 afiliados ó RETA. A redución máis cuantiosa neste ano produciuse durante o mes de Xaneiro, no que se deu a maior diferenza entre o número de altas e baixas. En total perdéronse 1.342 empregos autónomos.

Nos meses xaneiro, Febreiro, Xuño, Agosto, Outubro e Novembro do ano 2011 producíronse reducións de traballadores no Réxime de Autónomos pero de maneira algo mais drástica nos meses de xaneiro (1.342), outubro (703) e novembro (551).

A modo de excepción, nos meses de Marzo, Abril, Maio, as afiliacións ó Réxime de Autónomos superaron ás baixas, sendo os mellores Abril (333), e xullo con 250.

Por trimestres o mellor podémolo situar no segundo (abril,maio e xuño), e os peores o primeiro e último trimestre do ano

A Comunidade Galega cerra o ano con 217.396 afiliados en alta no RETA a finais de decembro. Galicia pasa a ser a terceira Comunidade Autónoma do estado que máis Autónomos perde ó longo deste 2011 en termos porcentuais.

Como principais motivos desde descenso no número de autónomos cabería sinalar, entre outros, a falla de liquidez, terribles dificultades para acceder ó crédito, e a alta taxa de morosidade, tanto no sector privado como no sector público. A esto debemos engadir unha forte contracción do consumo e a incertidume da economía nacional.

2.1 MOVEMENTOS DOS TRABALLADORES NO 2011

	RÉGIMEN E. DE AUTÓNOMOS				RÉGIMEN E. AGRARIO			
DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**	**Situación fin mes anterior**	**Altas**	**Baixas**	**Situación fin de mes**
								DECEMBRO 2011
A Coruña	86.777	735	842	86.670	1.551	95	110	1.536
Lugo	37.598	218	309	37.507	1.494	62	63	1.493
Ourense	26.278	203	264	26.217	372	44	58	358
Pontevedra	67.192	709	899	67.002	1.321	94	87	1.328
GALICIA	**217.845**	**1.865**	**2.314**	**217.396**	**4.738**	**295**	**318**	**4.715**
								NOVEMBRO 2011
A Coruña	86.870	871	964	86.777	1.540	109	98	1.551
Lugo	37.696	261	359	37.598	1.498	59	63	1.494
Ourense	26.331	239	292	26.278	393	29	50	372
Pontevedra	67.499	729	1.036	67.192	1.367	139	185	1.321
GALICIA	**218.396**	**2.100**	**2.651**	**217.845**	**4.798**	**336**	**396**	**4.738**
								OUTUBRO 2011
A Coruña	87.051	913	1.094	86.870	1.608	67	135	1.540
Lugo	37.801	267	372	37.696	1.524	81	107	1.498
Ourense	26.421	241	331	26.331	563	87	257	393
Pontevedra	67.826	855	1.182	67.499	1.618	187	438	1.367
GALICIA	**219.099**	**2.276**	**2.979**	**218.396**	**5.313**	**422**	**937**	**4.798**
								SETEMBRO 2011
A Coruña	87.006	1.116	1.071	87.051	1.542	182	116	1.608
Lugo	37.764	370	333	37.801	1.468	128	72	1.524
Ourense	26.375	335	289	26.421	437	307	181	563
Pontevedra	67.971	926	1.071	67.826	1.812	1.437	1.631	1.618
GALICIA	**219.116**	**2.747**	**2.764**	**219.099**	**5.259**	**2.054**	**2.000**	**5.313**
								AGOSTO 2011
A Coruña	87.148	766	908	87.006	1.520	102	80	1.542
Lugo	37.835	279	350	37.764	1.478	58	68	1.468
Ourense	26.402	223	250	26.375	297	192	52	437
Pontevedra	68.028	760	817	67.971	1.161	774	123	1.812
GALICIA	**219.413**	**2.028**	**2.325**	**219.116**	**4.456**	**1.126**	**323**	**5.259**
								XULLO 2011
A Coruña	87.161	1.112	1.125	87.148	1.503	89	72	1.520
Lugo	37.806	368	339	37.835	1.494	60	76	1.478
Ourense	26.360	330	288	26.402	327	11	41	297
Pontevedra	67.836	1.162	970	68.028	1.189	74	102	1.161
GALICIA	**219.163**	**2.972**	**2.722**	**219.413**	**4.513**	**234**	**291**	**4.456**

DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	RÉGIMEN E. DE AUTÓNOMOS				RÉGIMEN E. AGRARIO			
	Situación fin mes anterior	Altas	Baixas	Situación fin de mes	Situación fin mes anterior	Altas	Baixas	Situación fin de mes
								XUÑO 2011
A Coruña	87.480	958	1.277	87.161	1.501	93	91	1.503
Lugo	37.841	304	339	37.806	1.479	78	63	1.494
Ourense	26.364	282	286	26.360	378	17	68	327
Pontevedra	67.666	973	803	67.836	1.249	76	136	1.189
GALICIA	**219.351**	**2.517**	**2.705**	**219.163**	**4.607**	**264**	**358**	**4.513**
								MAIO 2011
A Coruña	87.485	983	988	87.480	1.491	97	87	1.501
Lugo	37.844	322	325	37.841	1.438	97	56	1.479
Ourense	26.369	258	263	26.364	363	38	23	378
Pontevedra	67.629	807	770	67.666	1.223	96	70	1.249
GALICIA	**219.327**	**2.370**	**2.346**	**219.351**	**4.515**	**328**	**236**	**4.607**
								ABRIL 2011
A Coruña	87.377	1.072	964	87.485	1.473	93	75	1.491
Lugo	37.803	352	311	37.844	1.412	74	48	1.438
Ourense	26.294	346	271	26.369	385	53	75	363
Pontevedra	67.520	925	816	67.629	1.275	64	116	1.223
GALICIA	**218.994**	**2.695**	**2.362**	**219.327**	**4.545**	**284**	**314**	**4.515**
								MARZO 2011
A Coruña	87.323	964	910	87.377	1.473	99	99	1.473
Lugo	37.829	323	349	37.803	1.414	63	65	1.412
Ourense	26.343	276	325	26.294	383	25	23	385
Pontevedra	67.430	1.030	940	67.520	1.320	86	131	1.275
GALICIA	**218.925**	**2.593**	**2.524**	**218.994**	**4.590**	**273**	**318**	**4.545**
								FEBREIRO 2011
A Coruña	87.388	971	1.036	87.323	1.479	102	108	1.473
Lugo	37.927	334	432	37.829	1.402	90	78	1.414
Ourense	26.321	318	296	26.343	391	24	32	383
Pontevedra	67.455	964	989	67.430	1.322	77	79	1.320
GALICIA	**219.091**	**2.587**	**2.753**	**218.925**	**4.594**	**293**	**297**	**4.590**
								XANEIRO 2011
A Coruña	87.914	781	1.307	87.388	1.467	66	54	1.479
Lugo	38.131	261	465	37.927	1.390	60	48	1.402
Ourense	26.486	228	393	26.321	391	21	21	391
Pontevedra	67.902	669	1.116	67.455	1.303	90	71	1.322
GALICIA	**220.433**	**1.939**	**3.281**	**219.091**	**4.551**	**237**	**194**	**4.594**

Comezamos o 2011 con 4.551 afiliados ó **Réxime Especial Agrario** e no derradeiro mes do ano contabilizamos 4.715 traballadores afiliados, o que supón un incremento de 164 afiliados ó longo do ano.

Como vemos na táboa anterior empezouse o ano con mais altas (237) que baixas (194) neste Réxime, pero no mes seguinte dábase a situación contraria; as baixas superan ás altas en 3 traballadores. Esta situación na que as baixas superan ás novas altas no Réxime Especial Agrario continuará nos meses sucesivos (excepto maio) ata Agosto no que a relación altas/ baixas é positiva (+803) o mes de Setembro tamén ten un balance positivo (54) pero sen superar o de agosto, será o mellor dato de todo o ano.

En canto os datos a final de mes o mellor será setembro que, comezando con un total de 5.259 afiliados, rematou con 5.313 afiliados a este réxime con unhas altas 2.054 e unhas baixas de 2.000 persoas.

Nos seguintes meses; Outubro, Novembro e Decembro, as altas no Réxime Especial Agrario serán inferiores ás baixas.



Galicia termina o ano 2010 con 220.443 autónomos, o ano 2011 comeza con un total de 219.091 traballadores por conta propia afiliados á Seguridade Social, unha cifra que se mantivo máis ou menos constante o longo do ano, aumentando nos meses Marzo, Abril, Maio, Xullo,e Setembro, acadando o valor máximo de 219.413 en xullo e o valor mínimo en decembro 217.396. Non foi un ano con grandes aumentos, no que se refire a afiliacións, pero tampouco de grandes perdas de autónomos. Exceptuando os últimos tres meses do ano.

Tal como vimos no cadro anterior e cos datos dos que dispoñemos a perda mais importante foi no mes de xaneiro (-1.342). No ano 2010 tamén sucede en xaneiro onde un total de 1.245 Autónomos déronse de baixa respecto ó mes anterior, rexistrándose neste período a cifra de 224.325 afiliados.

En febreiro no RETA hai 218.925 persoas, se a comparamos con febreiro de 2010 (223.831 persoas) observamos que hai 4.900 Autónomos menos. En marzo as afiliacións ó RETA mantéñense e sitúanse en 218.994 fronte os 223.506 traballadores, dese mismo mes no ano anterior. No mes de abril as afiliacións dos Autónomos soben un pouco situándose en 219.327 fronte as 223.348 de abril de 2010 .Se nos fixamos nos datos deste primeiro trimestre vemos que as afiliacións, pese a non ter grandes oscilacións, son moi inferiores as do mesmo período, do ano anterior.

No mes de maio segue a tendencia a manterse con un total de 219.351 afiliados. E seguindo a tendencia de menos afiliacións que no ano anterior onde se rexistraron un total de 223.352. No mes de xuño, como podemos apreciar no gráfico, contabilízanse 219.413 afiliados fronte os 224.021 traballadores no RETA do ano anterior (2010), en xuño as altas (2.517) son moi superiores ás baixas (2.705). Cousa que tamén ocorre no mes de abril, sendo un dos mellores meses do ano.

A partires de agosto as afiliación dos Autónomos volven a caer, pérdense afiliados tódolos meses ata decembro con 217.396 traballadores por conta propia, a cifra máis baixa de todo o ano.

En xullo gáñanse 250 afiliados ó situarse en 219.413 afiliados fronte os 223.438 os traballadores por conta propia (xullo 2010), no mes de agosto , pérdense 297 afiliados co que o total de traballadores Autónomos a fin de mes sitúase en 219.116 fronte os 222.831 (agosto 2010).

En setembro redúcese esta cifra en 17 traballadores máis. No mes seguinte, outubro, as afiliacións de Autónomos ó RETA eran de 218,396 fronte os 221.600 do mesmo período de 2010, e en novembro esta cifra volve a caer en 551 traballadores ata situarse nos 217.845 fronte os 220.953 empregados por conta propia do ano anterior.

Analizando cos datos do ano anterior, 2010, no que se produciu unha caída xeneralizada de Autónomos en tódolos meses do ano en Galicia, vemos que a afiliación era moi superior en todos os meses con respecto ó 2011, pero como dato positivo debemos sinalar que no 2010 perdéronse 5.137 empregos Autónomos, no ano 2011 so 2.884, é dicir a Comunidade Galega segue a perder unha importante cantidade de emprego autónomo, pero esa perda é algo inferior a do ano precedente.

A finais de decembro contamos con un total de 217.396 traballadores afiliados ó RETA, como xa dixemos é a cifra máis baixa de todo o ano, sendo o número de Autónomos de cada provincia o seguinte:

AUTÓNOMOS GALICIA DECEMBRO 2011 (porcentaxe)



AUTÓNOMOS GALICIA DECEMBRO 2011 (CIFRAS)



Afiliados decembro 2011 por Sector de Actividade



- Agric., Gana. Silv. y Pesca (A)
- Ind. Extractivas (B)
- Ind. Manufact. (C)
- Suminis. Energía (D)
- Suminis. Agua, resid. (E)
- Construcción (F)
- Comercio. Rep. Vehícul. (G)
- Transptes. Almacena. (H)
- Hostelería (I)
- Informac. Comunicac. (J)
- Act. Financ. y Seguros (K)
- Actividades Inmobiliarias (L)
- Actv .Prof. Cient. Téc. (M)
- Actv .Admt. Serv.Auxiliar (N)
- Admón Púb. Defen., S.S. (O)
- Educación (P)
- Actv .Sanit. Serv. Sociales (Q)
- Actv .Artis. Rec.y Entr. (R)
- Otros Servicios (S)
- Hogares P. Domést. (T)
- Org. Extra- territoriales (U)



En decembro de 2011 o 19.01% dos traballadores de Galicia estaba afiliado ó Réxime Especial dos Autónomos NON SETA, un 3,47% cotizaban no Réxime Especial de Traballadores Autónomos SETA, fronte a gran maioría, o 72,40 % que pertencían ó Réxime Xeral.

2.2. SITUACIÓN DE AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

Media Anual Galicia 2011

	Réx. Xeral	Réx. Esp. Trab. Autónomos		Réx. Especial Agrario	Réx. Esp. Do Mar		Réx. Esp. Minaría e Carbón	Réx. Esp. Empregados Fogar		TOTAL SISTEMA
		Non SETA	SETA		Cta. Allea	Cta. Propia		Continuos	Discont	
A Coruña	313.633,20	74.646,94	12.564,35	1.525,09	3.519,23	2.938,29	6,92	5.297,96	3.071,43	417.203,47
Lugo	80.224,14	23.817,79	13.965,04	1.467,17	1.702,27	217,1	0	1.282,93	1.576,66	124.253,16
Ourense	74.698,40	23.457,34	2.900,38	390,59	0	0	0	1.444,63	1.507,23	**104.398,62**
Pontevedra	249.672,21	62.473,67	5.138,53	1.360,26	8.144,97	7.139,20	0	3.871,86	2.293,67	340.094,44
GALICIA	**718.227,98**	**184.395,76**	**34.568,33**	**4.743,15**	**13.366,48**	**10.294,61**	**6,92**	**11.897,40**	**8.449,01**	**985.949,71**

Situación da afiliación media por reximenes en Galicia a 31 de decembro de 2011

Situación da afiliación media por reximenes en Galicia a 31 de decembro de 2011

	Réx. Xeral	Réx. Esp. Trab. Autónomos		Réx. Especial Agrario	Réx. Esp. Do Mar		Réx. Esp. Minaría e Carbón	Réx. Esp. Empregados Fogar		TOTAL SISTEMA
		Non SETA	SETA		Cta. Allea	Cta. Propia		Continuos	Discont	
A Coruña	308.216,10	74.440,55	12.257,80	1.553,35	3.681,45	3.111,00	5,05	5.281,05	3.040,55	411.586,90
Lugo	78.240,65	23.909,30	13.609,85	1.500,00	1.679,95	211,7	0	1.264,80	1.584,25	122.000,50
Ourense	73.192,05	23.429,65	2.804,50	367,6	0	0	0	1.424,75	1.498,30	**102.716,85**
Pontevedra	241.130,40	62.082,40	4.968,50	1.333,70	7.836,95	7.090,60	0	3.888,35	2.259,50	330.590,40
GALICIA	**700.779,20**	**183.861,90**	**33.640,65**	**4.754,65**	**13.198,35**	**10.413,30**	**5,05**	**11.858,95**	**8.382,60**	**966.894,65**

RÉXIME ESPECIAL AUTÓNOMOS GALICIA DECEMBRO 2011



2.3 AFILIACIÓNS EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS

	RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S. NORMAL			RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S.E.T.A.		
	Varóns	**Mulleres**	**Totais**	**Varóns**	**Mulleres**	**Totais**
A Coruña	45.232	29.208	74.441	4.033	8.225	12.258
Lugo	15.263	8.647	23.909	5.858	7.752	13.610
Ourense	15.075	8.355	23.430	909	1.896	2.805
Pontevedra	37.922	24.161	62.082	1.554	3.415	4.969
GALICIA	**113.491**	**70.371**	**183.862**	**12.354**	**21.287**	**33.641**

AUTÓNOMOS (NON SETA) POR XÉNERO (Decembro 2011)



AUTÓNOMOS (SETA) POR XÉNERO (Decembro 2011)



2.4 AFILIACIONS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

	Agric., Gana. Silv. y Pesca (A)	Ind. Extractivas (B)	Ind. Manufact. (C)	Suminis. Energía (D)	Suminis. Agua, resid. (E)	Construcción (F)
A Coruña	13.670,45	24	5.319,90	22,3	41	11.558,00
Lugo	14.657,30	38	2.065,30	12	11	4.004,45
Ourense	3.801,80	76,95	2.415,90	5	25	4.457,15
Pontevedra	5.960,35	134,4	4.773,10	18	51,3	9.384,00
GALICIA	**38.089,90**	**273,35**	**14.574,20**	**57,3**	**128,3**	**29.403,60**

	Comercio. Rep. Vehícul. (G)	Transptes. Almacena. (H)	Hostelería (I)	Informac. Comunicac. (J)	Act. Financ. y Seguros (K)	Actividades Inmobiliarias (L)
A Coruña	20.605,60	4.342,50	10.487,70	875,65	1.436,85	604,95
Lugo	6.585,65	1.925,95	3.022,30	136,55	462,15	108,55
Ourense	6.320,80	1.243,20	3.004,05	155,1	448,35	91,65
Pontevedra	19.309,90	3.952,70	7.850,10	648,5	1.319,45	453,25
GALICIA	**52.821,95**	**11.464,35**	**24.364,15**	**1.815,80**	**3.666,80**	**1.258,40**

	Actv .Prof. Cient. Téc. (M)	Actv .Admt. Serv.Auxiliar (N)	Admón Púb. Defen., S.S. (O)	Educación (P)	Actv .Sanit. Serv. Sociales (Q)	Actv .Artis. Rec.y Entr. (R)	Otros Servicios (S)
A Coruña	5.258,15	2.391,85	1,00	1.704,00	2.125,20	1.081,75	5.144,50
Lugo	1.340,10	522,55	1,00	419,55	521,60	258,10	1.426,05
Ourense	1.054,40	443,25	12,00	395,40	454,60	257,75	1.571,80
Pontevedra	3.819,30	1.731,25	2,00	1.227,65	1.573,05	810,10	4.027,50
GALICIA	**11.471,95**	**5.088,90**	**16,00**	**3.746,60**	**4.674,45**	**2.407,70**	**12.169,85**

	Hogares P. Domést. (T)	Org. Extra-territoriales (U)	Total
A Coruña	3,00	0,00	86.698,35
Lugo	1,00	0,00	37.519,15
Ourense	0,00	0,00	26.234,15
Pontevedra	5,00	0,00	67.050,90
GALICIA	**9,00**	**0,00**	**217.502,55**

SECTORES DE ACTIVIDADE RÉXIME E. TRABALLADORES AUTÓNOMOS GALICIA DECEMBRO 2011



2.5 O PERFIL DO AUTÓNOMO

Por antiguedade do negocio



Por xénero



Nacionalidade



Por idade



Por situación profesional







Despois de analizar as gráficas anteriores, podemos concluir que o perfil do autónomo galego correspóndese co de un varón español, de idade comprendida entre os 40 e 54 anos (cabe salientar a ampla presenza dos maiores de 55 anos), adicado ó sector servizos cunha sola actividade e cotizando principalmente pola base mínima, e que leva en activo co seu negocio cinco anos ou máis.

Temos que destacar tamén a alta presenza da muller neste sector (un 43,20%) e tamén a importancia do sector agrario, que acada algo máis do 19 % da cota de afiliados.

2.6 OS AUTÓNOMOS ESTRANXEIROS

Neste apartado centrámonos nun estudio MTIN-Afiliados estranxeiros por CC.AA, sectores e países de procedencia, publicado na páxina web da Seguridade Social, tamén analizaremos outras estadísticas publicadas na mesma páxina.

Afiliación media de estranxeiros decembro 2011



Como se pode observar na gráfica, Galicia mantense como a duodécima comunidade en canto ó número de estranxeiros rexistrados, ó representar o 2 % de afiliados medios contabilizados deste colectivo no conxunto de España.

O ano 2011, cérrase cunha afiliación media de 208.512 cidadáns estranxeiros afiliados no réxime especial de autónomos, polos 198.932 cos que pechou o mes de decembro de 2010, o que supón 9.580 afiliados máis de media (un 4.59% máis en variación anual).

Estas cifras poñen de manifesto que, ó contrario que nos autónomos nacionais (onde se produce un descenso de afiliacións medias), os autónomos estranxeiros en España incrementaron a súa presenza, desafiando as consecuencias da crise económica.

2.6.1 EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE ESTRANXEIROS POR PROVINCIA

Na seguinte táboa vamos a reflectir a variación de estranxeiros afiliados ó réxime especial de autónomos nos últimos dous anos. En decembro de 2010 a comunidade autónoma contaba con 37.412 estraxeiros afiliados de media. Ó final de decembro de 2011 o resultado de afiliados medios é de 34.759 traballadores estranxeiros, o que supón, que ó longo do 2011 perdéronse, de media, **2.653** afiliados, o que supón unha reducción interanual do 7,09 %.

Polo que podemos observar, no ano 2011 en Galicia acentúase a perda de afiliación estranxeira, xa que a variación absoluta do 2010 foi de 1.895 traballadores (unha reducción interanual do 4,82 %). É decir, en comparación co ano 2010 perdéronse 758 traballadores de media máis con respecto ó ano 2010 (un 40% máis).

A provincia que máis traballadore estranxeiros ó cabo do ano é Pontevedra, que perde 1.357 (unha variación do 9,70%), e a que menos, Ourense, que perde 186 traballadores (unha perda interanual do 4,03%).

	Dec-08	Dec-09	Dec-10	Dec-11	Variación 09/10		Variación 10/11	
					Absoluta	En %	Absoluta	En %
A Coruña	14.267	13.745	13.273	12.486	-472	-3,44%	-787	-5,93%
Lugo	6.121	5.814	5.541	5.217	-273	-4,70%	-324	-5,84%
Ourense	**4.951**	**4.737**	**4.613**	**4.427**	**-124**	**-2,62%**	**-186**	**-4,03%**
Pontevedra	16.616	15.011	13.986	12.629	-1.025	-6,83%	-1.357	-9,70%
GALICIA	**41.955**	**39.307**	**37.412**	**34.759**	**-1.895**	**-4,82%**	**-2.653**	**-7,09%**

Se analizamos os datos finais cos que contamos no censo da Seguridade Social vemos que; Galicia contaba con 956.525 traballadores afiliados a finais de decembro 2011 (dos cales uns 21.857 son traballadores estranxeiros, co que representarían deste xeito o 2,28 % dos traballadores totais no sistema.

Centrándonos nos traballadores Autónomos de Galicia que hai a finais de Decembro (30 de Decembro) vemos que na nosa Comunidade o número de empregados por conta propia é de 217.396 (o 22,72 % do total dos afiliados en Galicia) dos cales 5.010 son Autónomos estranxeiros, co cal representarían o 2,30% do total de Autónomos na nosa comunidade.

31 Decembro 2011

	Rex. Xeral	Autónomos	R.Agrario	Trab. Mar	Minaría Carbón	Fogar	Total
A Coruña	8.085	1.696	412	410	0	1.882	12.486
Lugo	3.020	605	678	497	0	417	5.217
Ourense	**3.129**	**698**	**152**	**0**	0	**449**	**4.427**
Pontevedra	8.364	2.015	316	623	0	1.311	12.629
GALICIA	**22.597**	**5.015**	**1.558**	**1.530**	0	**4.059**	**34.759**

AFILIACIÓN TRABALLADORES ESTRANXEIROS POR RÉXIMES GALICIA (31 DECEMBRO 2011)



2.6.2 AFILIACIONS DOS ESTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA E PROVINCIA

No seguinte cadro pásase a desglosaras as afiliacións dos estranxeiros afiliados ó Réxime Especial de Traballadores Autónomos, según proveñan ou non da Unión Europea (Datos en valores medios e por provincias).

Media Decembro 2011

	RÉX. ESPECIAL TRABALLADORES AUTÓNOMOS		
	UNIÓN EUROPEA	**NON UNION EUROPEA**	**TOTAL**
A Coruña	622	1.074	1.696
Lugo	260	346	606
Ourense	**401**	**297**	**698**
Pontevedra	1.009	1.006	2.015
GALICIA	**2.292**	**2.723**	**5.015**

Traballadores estranxeiros no R.E.T.A por orixe



2.6.3 AFILIACIÓN MEDIA POR XÉNERO E PROVINCIA DOS ESTRANXEIROS

Afiliación media de estranxeiros a 31 de decembro de 2011, por xénero.

DIRECCIÓNS PROVINCIAIS	RÉXIME ESPECIAL TRABALLADORES AUTÓNOMOS	
	HOMES	MULLERES
A Coruña	967	729
Lugo	378	227
Ourense	**445**	**253**
Pontevedra	1.225	790
GALICIA	**3.015**	**2.000**



http://www.seg-social.es/Internet_1/Estadistica/Est/aaa/Afiliaciones_en_alta_laboral/Afiliaci_n_Media_mensual/Afiliados_medios_extranjeros_por_CC.AA._e_provincias._Reg_menes_e_g_nero/index.htm

2.6.4. AFILIACIÓN ESTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE

MEDIA DECEMBRO 2011

SECTORES	RÉGIMEN ESP. TRAB. AUTÓNOMOS			
	UNIÓN EUROPEA	NON UNIÓN EUROPEA	TOTAL	% Reg. Autó.
Agricultura, Gandería, Caza, Silvicultura e Pesca	134	50	184	3,66%
Industrias Extrativas	2	1	3	0,06%
Industria Manufactureira	169	108	277	5,52%
Suministro de Enerxía Eléctrica, Gas, Vapor e Aire acondicionado	1	0	1	0,02%
Suministro de Auga, Actividades de saneamento, Xestión de residuos e Descontaminación	3	2	5	0,10%
Construcción	395	147	542	**10,81%**
Comercio: Reparación de Vehículos de motor e bicicletas	582	1.168	1.750	**34,88%**
Transporte e Almacenamento	60	56	116	2,33%
Hostalería	379	706	1.085	**21,64%**
Información e Comunicaciones	34	39	73	1,45%
Actividades financieiras e de seguros	15	14	29	0,58%
Actividades Inmobiliarias	10	2	12	0,24%
Actividades Profesionais, Científicas e Técnicas	114	55	169	3,38%
Actividades Administrativas e Servizos Auxiliares	89	56	145	2,89%
Administración Pública e Defensa; Seguridade Social Obligatoria	0	0	0	0,00%
Educación	157	48	205	4,08%
Actividades Sanitarias e Servicios Centrais	51	66	117	2,33%
Actividades Artísticas, Recreativas e de Entretenemento	36	46	82	1,64%
Outros Servizos	63	158	221	4,40%
Actividades dos Fogares como Empregadores de Personal Doméstico e Productores de bens e servizos para uso propio	0	0	0	0,00%
Actividades de Organizacións e Organismos Extraterritoriais	0	0	0	0,00%
Actividades non Clasificables	0	0	0	0,00%
TOTAL	**2.292**	**2.723**	**5.015**	**100,00%**

http://www.tt.meess.es/periodico/seguridadsocial/201201/afi_ext_diciembre2011.pdf

Segundo os datos obrantes na Seguridade Social, a maioría dos traballadores autónomos estranxeiros afincados en Galicia concéntranse en tres sectores fundamentalmente.

O primeiro lugar estaría ocupado polo ***"Sector Comercio; Reparación de vehículos de motor e bicicletas"***, que conta con 1.750 afiliados de media, o que supón un 34,88% da afiliación total dos autónomos estranxeiros.

En segundo lugar, a ***"Hostalaría"*** que conta, á finalización do mes de decembro de 2011, con 1085 traballadores, o que supón un 21,64% do total. En comparación co mesmo mes do ano anterior, sofre un lixeiro ascenso na afiliación, xa que daquelas o número de afiliados medios era de 1.045 traballadores.

En terceiro lugar sitúase o sector da ***"Construcción"***, quizáis uns dos sectores máis castigados pola crise económica que está a sufrir o país. A cifra de afiliados medios en decembro sitúase en 542 traballadores, o que supón unha cota do 10,81% da cifra total de autónomos afiliados ó sistema. Neste sector, como decíamos, nótase máis o impacto da crise xa que, con referencia ó ano anterior, pérdense 112 afiliados de media (un 17,12 % menos).

Existen diferenzas se os traballadores proveñen ou non da Unión Europea como se pode apreciar na táboa anterior. Así, os que proveñen da Unión Europea no sector da construción duplican ós de fóra da Unión Europea, 395 traballadores estranxeiros UE fronte a 147 NON UE, pola contra nos sectores do Comercio e a Hostalaría sucede o contrario son os traballadores procedentes de países non UE os que case duplican ós da Unión Europea.

2.6.5. AFILIADOS MEDIOS ESTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR RÉXIME E PAÍSES DE PROCEDENCIA

PAÍSES	AUTÓNOMOS	AGRARIO	TOTAL
UNIÓN EUROPEA			
ALEMANIA	109	1	320
AUSTRIA	3	0	17
BÉLXICA	21	0	51
BULGARIA	20	25	361
DINAMARCA	5	0	16
ESLOVAQUIA	1	3	28
ESLOVENIA	1	0	10
ESTONIA	2	0	6
FINLANDIA	1	0	13
FRANCIA	124	4	569
GRECIA	6	0	24
HUNGRÍA	6	1	31
IRLANDA	29	0	105
ITALIA	269	2	1.053
LETONIA	1	0	18
LITUANIA	2	2	48
LUXEMBURGO	0	0	0
PAÍSES BAIXOS	34	1	94
POLONIA	14	6	226
PORTUGAL	**1.204**	**293**	**7.864**
REINO UNIDO	184	1	537
REPÚBLICA CHECA	6	5	36
RUMANÍA	240	543	2.473
SUECIA	10	0	27
TOTAL UNIÓN EUROPEA	**2.292**	**886**	**13.927**
NON UNIÓN EUROPEA			
COLOMBIA	191	60	2.538
BRASIL	287	24	2.316
PERÚ	81	57	1.661
MARRUECOS	166	**255**	1.585
CHINA	**756**	1	1.457
DOMINICANA(REPÚBLICA)	90	31	1.426
ARGENTINA	216	2	1.171
URUGUAE	126	8	1.096
VENEZUELA	156	4	983
CUBA	62	22	774
RESTOS PAÍSES	593	209	5.826
TOTAL NON UNION EUROPEA	**2.723**	**672**	**20.832**
TOTAL ESTRANXEIROS	**5.015**	**1.558**	**34.759**

Media DECEMBRO 2011

3. A SITUACIÓN ACTUAL EN OURENSE

A principios de xaneiro do 2011, a provincia de Ourense contaba con 26.486 (fronte os 27.219 cos que comezaba o ano 2010) e, ó remate de decembro na Seguridade Social, esta cifra descendeu ata os 26.217 afiliados ó Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).



A gráfica mostra a evolución das afiliacións dos Autónomos rexistrados a final de cada mes do ano 2011 na provincia de Ourense. Despois dun marcando descenso no mes de xaneiro (255 afiliados menos) con respecto a decembro de 2010, e unha leve recuperación no mes de febreiro (gánanse 112 afiliados de media), sucédense os meses con pequenas variacions (a alza ou a baixa), acadándose no mes de setembro a maior cifra de afiliados medios no réxime especial de traballadores autónomos (26.421). A partires deste mes sucédense os siguientes, todos eles con acentuadas baixadas na media de afiliación ata pechar o ano con 26.217 traballadores de alta e un **descenso total de 269 afiliados**.



Como se pode observar no gráfico, tanto o primer semestre e o segundo teñen balance negativo. Por trimestres, destacar como positivos o segundo e o terceiro, e a forte baixada que se produce no último trimestre do ano, onde se perden 204 afiliados de media.

3.1. MOVEMENTOS DOS TRABALLADORES EN OURENSE

	RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS OURENSE				
ANO 2011	SITUACIÓN MES ANTERIOR	ALTAS	BAIXAS	DIFERENCIA	SITUACIÓN FIN DE MES
XANEIRO	26.486	228	393	-165	26.231
FEBREIRO	26.231	318	296	22	26.343
MARZO	26.343	276	325	-49	26.294
ABRIL	26.294	346	271	75	26.369
MAIO	26.369	258	263	-5	26.364
XUÑO	26.364	282	286	-4	26.360
XULLO	26.360	330	288	42	26.402
AGOSTO	26.402	223	250	-27	26.375
SETEMBRO	26.375	335	289	46	26.421
OUTUBRO	26.421	241	331	-90	26.331
NOVEMBRO	26.331	239	292	-53	26.278
DECEMBRO	26.278	203	264	-61	26.217
TOTAL		**3.279**	**3.548**	**-269**	

A media mensual de altas no ano 2011 é de 273,25 novos autónomos, mentres que a media de baixas se sitúa en 295,66, de ahí a diferencia negativa que arroxa o ano de 269 afiliados menos no ano 2011. En comparación con ano anterior, a baixada tende a moderarse notablemente xa que, daquelas, o descenso fora de 733 afiliados (464 afiliados máis de baixada no ano 2010).

Facendo referencia as altas, deberíamos destacar o mes de abril, cun máximo de 346 novas afiliacións (no 2010 a cifra máxima acadouse no mes de xuño con 396 novas afiliacións), en canto as baixas o número máximo acádase en xaneiro con 393 baixas (no 2010, o mes de outubro con 410 baixas), é unha diferencia entre altas e baixas de 157 afiliacións, o que supón unha perda de 5,32 afiliados menos de media diaria no mes de xaneiro. No mesmo período do 2010 a media diaria de descenso era de 4,97 afiliados menos por día.



Atendendo a relación Altas/Baixas da provincia de Ourense observase que se comeza o ano cun acentuado saldo negativo (Altas < Baixas) de 159 afiliados, e prodúcese, tras unha serie de meses irregulares, unha leve melloría en Abril (mellor mes en canto a saldo positivo de afiliacións, +75), ata pechar o ano no mes de decembro, como o peor mes en canto a afiliacións (sólo 203), e cun saldo negativo de 61 afiliados menos. Decembro, por tanto, finaliza ó último trimestre onde sólo se encadenaron saldos negativos na afiliación media de traballadores autónomos; Outubro con -90 (segundo peor saldo do ano), Novembro con -53, e Decembro con -61. Esto fai que o último trimestre sea o peor do ano ó acumular un saldo negativo de 204 afiliados menos de media.

3.2. SITUACIÓN AFILIADOS POR ALTA RÉXIMES EN OURENSE

Media anual 2011

	Rex. Xeral	Rex. Esp. Trab. Autónomos		Rex. Especial Agrario	Rex. Especial do Mar		Rex. Esp. Minaría e Carbón	Rex. Esp. Emplead. Fogar		TOTAL SISTEMA
		No SETA	SETA		Cta. Allea	Cta. Propia		Continuos	Discont.	
A Coruña	313.633,20	74.646,94	12.564,35	1.525,09	3.519,23	2.938,29	6,92	5.297,96	3.071,43	417.203,47
Lugo	80.224,14	23.817,79	13.965,04	1.467,17	1.702,27	217,1	0	1.282,93	1.576,66	124.253,16
Ourense	74.698,40	23.457,34	2.900,38	390,59	0	0	0	1.444,63	1.507,23	**104.398,62**
Pontevedra	249.672,21	62.473,67	5.138,53	1.360,26	8.144,97	7.139,20	0	3.871,86	2.293,67	340.094,44
GALICIA	**718.227,98**	**184.395,76**	**34.568,33**	**4.743,15**	**13.366,48**	**10.294,61**	**6,92**	**11.897,40**	**8.449,01**	**985.949,71**

Traballadores Ourense por réxime de afiliación



Rex. Esp. Traballadores Autónomos Ourense 2011



Media mensual de afiliacións OURENSE 2011	Réx. XERAL	Rex. Esp. Traballadores Autónomos		Réx. Esp. AGRARIO	Réx. Esp. Empregados do Fogar		TOTAL SISTEMA
		Non SETA	SETA		Continuos	Discont.	
XANEIRO	73.771,65	23.418,25	3.002,95	389,30	1.466,80	1.485,45	103.534,40
FEBREIRO	73.836,15	23.362,70	2.976,75	389,75	1.464,30	1.497,70	103.527,35
MARZO	74.015,65	23.375,95	2.963,65	387,78	1.464,56	1.508,43	103.716,04
ABRIL	74.115,78	23.397,31	2.942,63	371,73	1.446,36	1.519,21	103.793,05
MAIO	74.723,68	23.456,63	2.924,00	378,63	1.439,72	1.514,00	104.436,68
XUÑO	75.207,27	23.466,63	2.905,86	354,63	1.444,40	1.515,09	104.893,90
XULLO	76.346,23	23.511,71	2.882,33	312,85	1.433,66	1.512,04	105.998,85
AGOSTO	76.497,59	23.519,63	2.876,09	313,18	1.437,27	1.514,59	106.158,36
SETEMBRO	75.840,81	23.530,68	2.859,31	553,81	1.439,45	1.507,00	105.731,09
OUTUBRO	74.749,70	23.528,05	2.843,95	481,45	1.434,25	1.505,20	104.542,60
NOVEMBRO	73.773,90	23.481,80	2.823,61	386,28	1.439,71	1.507,80	103.413,14
DECEMBRO	73.192,05	23.429,65	2.804,50	367,60	1.424,75	1.498,30	102.716,85

Como podemos observar na táboa anterior, onde se amosan as medias mensuais de afiliacións nos distintos réximes (excluidos do estudio os réximes especiais do mar e da minería e do carbón por non contar con ningunha afiliación), o mellor mes en canto a afiliados ó réxime de autónomos NON SETA foi o de setembro, con 23.530,68 afiliados de media; para o sistema SETA, o mellor foi o de xaneiro, con 3.002,95 afiliados de media.

A media mensual de afiliados máis elevada do total do Sistema da Seguridade Social en Ourense alcanzouse no mes de agosto, con 106.158,36 (ó igual que ocorrera no ano 2010, pero con 108.563,13 afiliados de media daquelas). Por outra banda, como mes ca menor media de afiliación do sistema foi, ó igual que no ano 2010, o mes de decembro, que pecha o ano cunha afiliación media de 102.716,85 traballadores.

3.3. AFILIACIÓNS EN ALTA POR XÉNERO EN OURENSE

Media mensual 2011

	Rex. Esp. Traballadores Autónomos NON SETA			Rex. Esp. Traballadores Autónomos SETA		
	VARÓNS	MULLERES	TOTAL	VARÓNS	MULLERES	TOTAL
XANEIRO	15.126,30	8.291,95	23.418,25	934,00	2.068,95	3.002,95
FEBREIRO	15.068,75	8.293,95	23.362,70	931,15	2.045,60	2.976,75
MARZO	15.050,30	8.325,65	23.375,95	927,95	2.035,69	2.963,65
ABRIL	15.046,42	8.350,89	23.397,31	927,31	2.015,31	2.942,63
MAIO	15.075,45	8.381,18	23.456,63	928,95	1.995,04	2.924,00
XUÑO	15.078,04	8.388,59	23.466,63	926,72	1.979,13	2.905,86
XULLO	15.120,33	8.391,38	23.511,71	924,28	1.958,04	2.882,33
AGOSTO	15.127,04	8.392,59	23.519,63	922,36	1.953,72	2.876,09
SETEMBRO	15.138,45	8.392,22	23.530,68	919,54	1.939,77	2.859,31
OUTUBRO	15.137,40	8.390,65	23.528,05	920,05	1.923,90	2.843,95
NOVEMBRO	15.111,38	8.370,42	23.481,80	915,23	1.908,38	2.823,61
DECEMBRO	15.074,60	8.355,05	23.429,65	908,50	1.896,00	2.804,50
Media anual	**15.096,21**	**8.360,38**	**23.456,58**	**923,84**	**1.976,63**	**2.900,47**

Réxime Especial Autónomos NON SETA (OURENSE 2011)



Réxime Especial de Autónomos SETA (OURENSE 2011)



3.4. AFILIACIÓNS EN ALTA POR SECTOR DE ACTIVIDADE



Traballadores autónomos de Ourense por sector de Actividade (media Decembro 2011)

3.5. OS AUTÓNOMOS ESTRANXEIROS EN OURENSE

A 31 de decembro de 2011 hai **4.427** traballadores estranxeiros afiliados na provincia de Ourense. Están repartidos da seguinte maneira:

- 70,13 % dos traballadores extranxeiros, é decir, 3.033 persoas, están dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.
- 16,21% pertence ó Réxime Especial de Traballadores Autónomos (701 traballadores).
- 10, 24% pertence ó Rexime Especial dos empregados do fogar.
- 148 traballadores están dados de alta no Réxime Agrario, o que supón un 3,42 % do total das afiliacións.





Procedencia dos estranxeiros afiliados ó R.E.T.A de Ourense (31 DECEMBRO 2011)



Afiliacións dos estranxeiros por xénero ó R.E.T.A. (Decembro 2011)



4. PENSIÓNS E PENSIONISTAS

Antes de falar das pensións vamos facer referencia ás bases de cotizacións do 2011 no Réxime Especial de Traballadores Autónomos e no Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios.

O igual que ocorre no Réxime Xeral, a prórroga, dos presupostos xerais do estado, e a conxelación do salario mínimo interprofesional para o 2012 fai que as bases de Cotización tanto para o réxime xeral como o R.E.T.A. no 2012, sexan as mesmas que no 2011.

As base mínima sería de 850,20 €, e a máxima de 3.262, 40 €. A estas bases de cotización aplicaranse as seguintes porcentaxes, en función de si nos atopamos ante un Autónomo con carácter xeral , sen portección por incapacidade temporal (IT), ou se si acolleu a algún sistema de protección por cese de actividade ou si tamén se acolleu a un sistema de cobertura por incapacidade temporal. Deste xeito os porcentaxes e a cotas resultantes serían:



Dependendo do ano de nacemento do traballador autónomo, éste poderá elexir a base de cotización, así danse as seguintes opcións:

A base de cotización para os traballadores autónomos que, a 1 de xaneiro de 2012, sexan menores de 47 anos de idade será a elexida por éstos, dentro dos límites que representan as bases mínima e máxima (**entre 850,20 € e 3.262,40 €**).

Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2011 fose igual o superior a 1.682,70 euros mensuais.

Os traballadores autónomos que, a 1 de xaneiro de 2012, teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización fora inferior a 1.682,70 euros mensuais non poderán elixir unha base de contía superior a 1.870,50 euros mensuais, a non ser que exerciten a sua opción dese xeito antes do 30 de xuño de 2012, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano.

A base de cotización dos traballadores autónomos que, a 1 de xaneiro de 2012, teñan cumplida a idade de 48 o mais anos estará comprendida entre as contías de 916,50 e 1.870,50 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivera que poñerse ó fronte do mesmo e darse de alta neste Réxime Especial con corenta e cinco ou máis anos de idade, en cuxo caso a elección de bases estará comprendida entre las contías de 850,20 e 1.870,50 euros mensuais.

Non obstante, a base de cotización dos traballadores autónomos que con anterioridade ós 50 anos cotizaran en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social cinco ou máis anos, terá as seguintes contías:

- a) Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 1.682,70 euros mensuais, haberase de cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e 1.870,50 euros mensuais.
- b) Se a última base de cotización acreditada fose superior a 1.682,70 euros mensuais, haberase de cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e o importe daquela incrementado nun 1 por cento, podendo optar, no caso de non se alcanzar, por unha base de ata 1.870,50 euros mensuais.

O previsto no anterior apartado b) será tamén de aplicación con respecto ós traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercitaran a opción prevista no párrafo segundo do apartado Catro.2 do artigo 132 de la Lei 39/2010, de 22 de diciembre.

Tamén se prevén unha serie de bonificacións, que pasamos a describir no seguinte cadro:

AUTÓNOMOS	BONIFICACIÓNS
Traballadores con **discapacidade ≥ 33%** e dados de **alta por primeira vez** no RETA	**50%** da cota resultante de aplicar sobre a base mínima do réxime (850,20€) o tipo vixente durante os 5 anos seguintes dende a alta no RETA
Autónomos **maiores de 65 anos** e con **mais de 35 anos cotizados**	**Exentos de pagar as cotas**, **salvo** por incapacidade temporal ou continxencias profesionais
Mozos de ata 30 anos (**35 no caso das mulleres**) que se constitúan como autónomos	Unha **redución**, **durante os 15 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, equivalente ao 30%** da cota que resulte de aplicar sobre a base mínima o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento neste Réxime, e unha **bonificación, nos 15 meses seguintes** á finalización do período de redución, de igual contía que esta.
Mulleres que se reincorporen a actividade de Autónomos nos dous anos seguintes o parto	Terán dereito a bonificación do 100 % da cuota por continxencias comunes, correspondentes a base mínima do Reta durante un ano por lo porcentaxe correspondente, durante un ano.

AUTÓNOMOS	BONIFICACIÓNS
Traballadoras por conta propia do Réxime Especial de Traballadores por conta propia e autónomos que, **despois de cesar a súa actividade por maternidade e gozando do período de descanso correspondente, volvan realizar unha actividade por conta propia nos dous anos seguintes**	**Bonificación do 100% da cota por continxencias comúns** resultante de aplicar o tipo de cotización á base mínima vixente no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos da Seguridade Social, independentemente da base pola que coticen, e durante un período de 12 meses. A devandita bonificación será tamén de aplicación ás socias traballadoras de cooperativas de Traballo Asociado, que se inclúan no indicado réxime especial.
Incorporados a actividade agraria a partir do 1/1/2008, incluidos no sistema, que teñan **40 ou menos anos no momento da incorporación, e sexa cónxuxe ou descendentes do titular da explotación.**	Aplicarase sobre a cotización por continxencias comuns de cobertura obligatoria na **reducción equivalente o 30% da cuota resultante de aplicar a base mínima el tipo del 18,75 %, durante 5 años**.
Traballadoras por conta propia **vítimas de violencia de xénero** que cesen a súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o dereito a asistencia integral.	**Suspendese da obriga de cotización durante 6 meses**, que lle serán considerados como de cotización efectiva a efectos de prestacións na Social.
Os **autónomos dos sectores do comercio, hostalería, turismo, e industria (excepto enerxía e auga), na CCAA, de Ceuta e Melilla**.	**Bonificacións de ata o 40%** nas aportacions a Seguridade Social por continxencias comúns, así como para os efectos de recadación conxunta de desemprego, formación profesional, e fondo de garantía social.

4.1. PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN ESPAÑA

En decembro do 2011 existen un total de 8.866.277 pensións en España no Sistema da Seguridade Social, 1.867.407 corresponden ós Traballadores Autónomos representando así unha porcentaxe dun 21,06%.

Destas pensións contributivas que perciben os Autónomos corresponden á xubilación 1.189.558(un 64%), á viuvez 483.304 (un 26%), á incapacidade permanente 130.935 (7%) á orfandade 54.669 (un 3%) e a favor de familiares 8.941(0,48%).



No Réxime especial de Traballadores Autónomos un 63,70% das pensións son de xubiliación, mentres que no total do sistema, as pensións de xubilación supoñen o 59,66%. Na seguinte gráfica observaremos como se distribúen as pensións (por clases) entre os autónomos e no total do sistema.



En canto ó movemento no número de pensións en decembro de 2011 decir que as altas inicias superan as baixas definitivas en todas os tipos de pensións, agás nas de orfandade e a favor de familiares. Hai un total de 19.497 altas iniciais por un total de 14.498 baixas definitivas, o que supón un incremento de 4.999 pensións contributivas en decembro.

Altas iniciais e Baixas e definitivas (Total pensións contributivas dec-11)



Altas inicias e Baixas definitivas R.E.T.A. (Dec-2011)



A contía da pensión media dos xubilados polo RETA incrementouse, en termos interanuais un 3,21%, sendo en decembro de 2010 de 608,11 €, fronte os 627,61 € de decembro de 2011. (Segundo as publicacions da Seguridade Social, esta pensión media aumenta ata os 639,13 € para xaneiro do 2012).



Está contía de 639,13 € é un 42 % inferior á pensión media do Réxime Xeral (1.101,58 €)[1].



[1] http://www.seg-social.es

Entre os pensionistas autónomos os que cobran unha maior pensión son os xubilados por incapacidade permanente **632,34 €** de media, sendo a inferior a de orfandade de **309,41€**.

Pensión media dos autónomos por clase de prestación (decembro 2011)



Tendo en conta o reparto das pensións no tocante ó sexo dos afiliados no réxime dos autónomos, correspondería decir que os homes perciben o 44% das pensións (831.263) e as mulleres un 56% (1.036.883)[2]

En canto ó Réxime Xeral, a situación é distinta ó percibiren os homes o 53% das pensions (3.152.647) e as mulleres o 47% restante (2.801.496).

En canto os importes das pensións medias (a 1 de xaneiro de 2012) para o réxime dos autónomos sería de 677,35 € para os homes, e de 500,16 € para as mulleres, é decir, un 32,45 % menos que os homes.

No réxime xeral a pensión media para os homes é de 1.117,34 € ó mes e de 714,34 € para as mulleres (un 56% inferior a dos homes).

A maior parte das pensións que reciben os homes afiliados ó rexime dos autónomos corresponden as pensións de xubilación, ascendendo a 663,17 €, o que supón o 79,78% do total. No caso das mulleres, as pensións que concentran un maior número son tamén as de xubilación (527.609) e as de viuvez (432.757), que supoñen un 50,88% e 41,74% respectivamente.

[2] Datos recollidos a 1 de Xaneiro de 2012 na web da Seguridade Social.



No seguinte cadro pasamos a realizar unha comparación entre as pensións medias que perciben os autónomos en función do seu xénero.



Como podemos observar na gráfica anterior, **a pensión media das mulleres autónomas é un 32,45 % inferior a dos homes**.

A idade media dos Autónomos que perciben unha pensión de xubilación é de 72 anos no caso dos homes e de 76 no das mulleres.

Segundo os datos recadados da Seguridade Social de Decembro de 2011 o número total de perceptores autónomos rexistrados é de 1.867.407, dos cales un 55,52% son homes e un 44% mulleres (total sistema 8.866.277).

Na seguinte gráfica deixaremos constancia de evolución que tiveron as pensións nos últimos anos e meses.



4.2. PENSIÓNS DOS AUTÓNOMOS EN GALICIA

A 1 de xaneiro de 2012 en Galicia temos 284.425 pensións contributivas para traballadores Autónomos, que representan unha porcentaxe do 39% das correspondentes ó Total Sistema nesta Comunidade Autónoma que son de 731.255.

A **pensión media deste colectivo corresponde a 511,98 €,** importe que é inferior nun 39,72 % á pensión media do Réxime Xeral (838,94 €) é un 25.81 % menor á correspondente ó Total Sistema en Galicia que se sitúa en 690,12 €.

A **pensión media dos Autónomos galegos é a terceira máis baixa** xunto cos traballadores agrarios, despois da do Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez e da dos Traballadores do Fogar. Así mesmo esta pensión media en Galicia é un 11,57 % inferior á pensión media estatal dos Autónomos.

	TOTAL PENSIÓNS*	
	Número	P. Media
RÉXIME XERAL	336.391	838,94
RÉXIME ESPECIAL TRAB. AUTÓNOMOS	**284.425**	**511,98**
RÉXIME AGRARIO**		
RÉXIME ESPECIAL TRAB. DO MAR	53.352	810,93
RÉXIME ESPECIAL DA MINARÍA E O CARBÓN	1.595	1.154,20
RÉXIME ESPECIAL EMPREGADOS DO FOGAR	16.884	489,56
ACCIDENTES DE TRABALLO	18.117	785,72
ENFERMEDADES PROFESIONAIS	2.772	923,80
SOVI (Seguro Oblig. De Vellez e Invalidez)	17.719	375,17
TOTAL GALICIA	**731.255**	**690,12**

*Datos a 1-1-2012 recollidos na páxina web da Seguridade Social
** A partires do 1-1-2012 o Réxime Especial Agrario queda incluído no Réxime Xeral (Ley 18/2007 de 4 de julio)



Das 284.425 pensións dos Traballadores Autónomos, a maioría corresponden á xubilación con 193.575 pensións (un 68,06%) e á viuvez con 64.199 pensións (22.57%).



En canto a distribución por provincias galegas A Coruña concentra o maior número de pensións 96.070 (un 33,78%), séguelle Lugo con 70.976 (un 24,95%) despois Pontevedra con 66.592 (23,41%), e **por último Ourense con 50.836 pensións (17.86%).**



PENSIÓNS EN VIGOR A 1 DE XANEIRO DE 2012 NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE GALICIA

	INCAPACIDADE PERMANENTE		XUBILACIÓN		VIUVEZ	
	Número	P.media	Número	P.media	Número	P.media
Coruña (A)	5.941	576,80	64.618	569,39	21.593	407,31
Lugo	3.433	558,25	48.927	549,53	16.647	323,88
Ourense	2.623	585,47	34.370	549,17	11.619	355,18
Pontevedra	3.984	586,37	45.660	564,13	14.340	390,83
GALICIA	**15.981**	**576,62**	**193.575**	**559,54**	**64.199**	**372,56**

	ORFANDADE		FAVOR DE FAMILIARES		TOTAL PENSIÓNS	
	Número	P.media	Número	P.media	Número	P.media
Coruña (A)	2.814	388,43	1.104	412,99	96.070	526,32
Lugo	1.450	377,04	519	398,44	70.976	492,40
Ourense	1.281	386,77	894	426,90	50.787	500,42
Pontevedra	1.792	363,80	816	418,20	66.592	520,97
GALICIA	**7.337**	**379,87**	**3.333**	**415,73**	**284.425**	**511,98**

A pensión media de Galicia no tocante os autónomos é de 511,98 €, estando por debaixo dela as provincias de Ourense e de Lugo.

Pensións medias en Galicia (1 Xaneiro de 2012)



5. OS AUTÓNOMOS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

5.1. SITUACIÓN EN ESPAÑA

Para observar a figura dos autónomos en España en relación ó emprego das novas tecnoloxías, imos utilizar como punto de partida os datos recollidos no estudio feito por FUNDETEC "El Trabajador Autónomo y la Sociedad de la Información". Dito traballo é o resultado dunha enquisa realizada a 3.454 autónomos de toda España para coñecer e determinar o alcance do uso e a implantación das teconloxías TIC.

Infraestructura TIC

Neste apartado trataremos de analizar o uso e a recptividade ó equipamento informático por parte dos traballadores autónomos. Trátarase de determinar si contan con equipo informático, si é así, que tipo de equipamento, e sobre todo determinar que aplicación se usan con máis frecuencia e a implantación de aplicación que mellorarían as relación comerciais destes traballadores, tales como a factura electrónica, a sinatura electrónica e o "e-commerce" (comercio electrónico).

O estudio amósanos que un 47,8 % dos autónomos usa algún equipamento informático, no seu traballo, o restante **un 52,20 % non ten ningún equipamento informático**, (entendendo como tal Pc, teléfonos intelixentes...), polo que podemos decir, a senso contrario, que a maioría dos autónomos non emprega ningún equipamento informático na súa actividade.

AUTÓNOMOS. DISPOÑIBILIDADE DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

O nivel de implantación destas tecnoloxías é superior nos Autónomos menores de 40 anos é nos sectores máis informatizados son os da banca, seguros e inmobiliarias, con case un 84 % , e o que menos a construción con un 40 %.

Dos que si dispoñen dalgún equipamento informático cabería destacar que a maioría deles se decanta polo PC de sobremesa (62,2 %), moi seguido polo uso dos portátiles, que van gañando terreo ós de sobremesa (en parte pola súa progresiva redución de prezo, altas prestacións e movilidade). Tamén cabería resaltar, aínda que non o recolle o estudio de Fundetec é o progresivo aumento do uso dos teléfonos intelixentes ou smartphones.

Na seguinte gráfica plasmaremos as preferencias dos autónomos polos distintos equimpamentos informáticos:



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

A **ferramenta menos implantada nos negocios é a axenda electrónica** con un 5,20 %. Se o analizamos por sectores, destacar un elevado porcentaxe de uso do GPS, no sector dos transportes (49,3%) é a terminal punto de venda con un 84 % no sector da hostalería, cousas lóxicas por outra banda.

No que respecta o Software as solucións informáticas mais usadas, entre os autónomos son as ofimáticas, tales como follas de cálculo, procesadores de texto e similares, das que se declaran usuarios delas algo máis de 7 de cada dez autónomos (71,5%), moi seguidas das aplicacións empresariais programas específicos (contabilidades, confección de nóminas, facturación, etc) con un 62,8 % e, por último, o servizos adicados a comunicación (correo electrónico, mensaxería instantánea, etc) con un 62, 5%.

Deste uso daremos conta na seguinte gráfica.



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

SOFTWARE LIBRE

En canto o **uso** de aplicacións libres, destacar que o porcentaxe de autónomos que as usa **é pequeno (27,7 %)** fronte o 70% que prefigure aplicacións de pago, deste pequeno porcentaxe un 0,4% declara non estar satifeito con este tipo de programas.

PROTECCIÓN DO EQUIPO INFORMÁTICO

Os autónomos son conscientes da necesidade de ter ben asegurado os seus equipos e a súa información fronte a calquer tipo de ataque, é por elo que un 77,2 % ten instalados no seu equipo programas antivirus, mentres que o 45 % opta por outros sistemas tales como cortafogos, sistemas de detención de intrusos, e similares.

Nesta parcela cabe destacar ó sector da banca con un 63,5 % de autónomos, que optaron por instalar algún elemento de seguridade no seu PC.

CERTIFICADO DIXITAL

Da porcentaxe de autónomos infomátizados a metade conocen o que é o certificado dixital pero solo un 14,2 % o usa na súa actividade profesional.

Sendo no sector administrativo, educativo, e empleados do fogar onde máis éxito ten con un case 38,1 % de aplicación. Destacar que o sector que menos sabe da súa existencia e o da Construción, con un 62,7 %

A FACTURA ELECTRÓNICA

O 47,6 % dos Autónomos, sabe que é a factura electrónica, pero únicamente un 9 % a empregou ou a esta empregando no seu negocio. Dicir que o sector que maís a usa é o da Construción pero o mesmo tempo tamén é o que máis a descoñece, e o que menos a hostalería e o sector da administración.



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

O principal beneficio sinalado por catro de cada cinco autónomos son as melloras na xestión dos procesos (49%) seguido do aumento na calidade no servizo (11,80%), o aumento na productividade (11,70%) e a reducción de custos (7 %). Como elemento definidor da conducta do autónomo ó introducir as tecnoloxías e a valoración do rendemento do seu tempo e a calidade de traballo que aportan as TIC.

Tema moi importante, e tamén valorado polos autónomos a hora de incorporar as novas tecnoloxías, é poder contar con subvencións. Neste ámbito, según o estudio de Fundetec, unha gran maioría dalle moita ou bastante importancia (72,1%) á concesión dunha subvenció a hora de incorporar as novas tecnoloxías.



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

IMPLANTACIÓN DE INTERNET.CONECTIVIDADE E USO DE INTERNET

Neste campo podemos diferenciar tres tipos de autónomos:

1- CON ACCESO A REDE
2- SEN ACCESO A REDE
3- ACCESO MÓBIL A REDE



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

Dentro dos autónomos que contan con equipo informático un 58,80% conta con acceso a internet a rede fixa. Sólo un 26,40% dos autónomos non conta con conexión a rede.

Os sectores con unha taxa de accesibilidade menores son os dos transportes e a hostalería.

Como podemos observar (58,80%) a opción mais usada pa conectarse é a través dunha conexión fixa, sendo os sectores da banca e administración os que mais a empregan.

Temos que destacar que existe un colectivo que dispoñendo dos medios necesarios pa conectarse a rede non o fan, alegando como principal razón que non lles resulta útil (35,3%).

Os autónomos **usan a conexión, sobre todo** para a **consulta e uso do correo electrónico** con un 92,20 %, no segundo posto do ranking esta a búsqueda de información (64,80%), e xa como o menos usado, a búsqueda de oportunidades de negocio con un 8,6 %.

USOS DA REDE



A principal razón que plantexan os autónomos para non se conectaren a rede e que non a valoran como útil, seguido de razón económicas (33,30 %).

RAZÓNS DE NON TER ACCESO A REDE



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

PRESENZA NA REDE

Como poderemos observar na seguinte gráfica, só un 36,40% ten presenza na rede mediante páxina web. O resto, pese a maioritariamente ter a infraestructura necesaria, descártao, alegando como principais motivos ó non atopalo útil (34,5%), e motivos económicos (32,33%).

Dentro dos sectores, a hostelería e a que se decanta máis no uso da páxina web e, pola contra, o sector da construcción e o que menos presenza ten.

A antiguidade media destas páxinas podémolas colocar entre 3 e 5 anos (41,1% do total).



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

Os autónomos con páxina web pretenden servirse dela para que o seu negocio sea conocido, usan a rede como escaparate, como porta de entrada ó seu negocio, ó mesmo tempo e unha vía moi útil para ofrecer os seus produtos.

Outro motivo do uso da páxina web e ter contacto cos clientes e proveedores (41,70%).

Dentro da perspectiva do cliente ou do proveedor, o que se valora destas páxinas e a facilidade de uso na búsqueda da información (91,3%) e o contacto co autónomo.

ANTIGUEDADE NA REDE

No tocante a antiguedade na rede, vemos unha tendencia a desaceleración a hora de contratar este tipo servizo; fai tres anos contrataron o servizo o 38,30% dos autónomos , nos últimos anos a porcentaxe baixou a un 17,90 %, aínda que tampouco é un dato moi fiable, debido a acumulación de anos (2 anos) ,nas barras centrais.

O que si podemos dicir, é que a antiguedade media dos autónomos, en canto conexión a rede é de 3 a 5 anos.



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

REDES SOCIAIS

Cada vez os autónomos utilizan este tipo de aplicións e plataformas a xeito de incrementar a publicidade, estar en contacto directo cos clientes e proveedores, dar a conocer os seus produtos, así como un bo medio de metroscopia ó darlle a posiblidade ós usuarios das mesmas de valorar os seus productos ou de plantexar queixas.

USO DAS REDES SOCIAIS POLOS AUTÓNOMOS



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

O FUTURO DAS TIC PARA O PROFESIONAL AUTÓNOMO

A situación actual dos autónomos galegos vese influenciada en gran maneira pola crise económica que afecta a todo o país de maneira xeral e, de maneira particular, a restricción no fluxo do crédito e a alta tasa de morosidade, fan que os autónomos se planteen moito a incorporación de novas tecnoloxías pola inversión que éstas supoñen.

É por todo esto que o sector dos autónomos ven reclamando una **maior accesibilidade a axudas públicas e subvencións** que lles permita afrontar con garantías a modernización e o avance que lles suporía a incorporación de ferramentas TIC. Neste senso, como puidemos observar ó longo do estudio, a maior parte dos autónomos quéixase da falta ou escaseza de axudas (sólo un 10,5 % informatizou o seu negocio con cargo a una subvención ou axuda), e tamén esa maioría as considera moi importantes na súa vida profesional (o 71,5 % consideraas absolutamente imprescindibles, sobre todo as destinadas a creación e mantemento de páxinas web e a implantación do comercio electrónico – "e-commerce").

Outra das queixas do colectivo centráse no **custo destas tecnoloxías**, xa que, na situación actual onde os marxes de actividade da empresa deixan poucos hocos para inversións, e os recursos son moi axustados, o custe da implementación destas tecnoloxías non sufriu unha baixada que fixese máis atractiva a súa adquisición.

Como punto a salientar destacamos **a formación**. Esto débese a que unha das principais razón esgrimidas polos autónomos a hora de desbotar a posibilidade do uso das TIC é a súa falta de formación nestas aplicacións. O descoñecemento destas novas ferramentas fai que, a pesar de ser algo moi positivo para o desenrolo da actividade do autónomo (aumentando a súa competitividade no mercado, reducindo costes, mellor imaxe para os clientes, proveedores e sociedade en xeral), éste non se atreva a investir.



5.2. SITUACIÓN EN GALICIA

Neste apartado ademais de usar, o anterior estudio elaborado por **FUNDETEC " EL TRABAJADOR AUTÓNOMO Y LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN**" usaremos tamén o informe **"O ESTADO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA"** elaborado polo **Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia (OSIMGA)** adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia. Sobre datos referidos o ano 2010, (publicado en Marzo de 2011).

EQUIPAMENTO INFORMÁTICO GALICIA (nov. 2010 - xan. 2011)



Fonte: Fundetec "El trabajador autónomo y la sociedad de la información"

Se analizamos este cadro podemos observar como un 60,70 % das empresas galegas[3] non posúe ningún equipamento informático, isto contrasta co 52 % da media estatal.

As micro empresas galegas presentan aínda niveles baixos de equipamento tecnolóxico, e de presencia na rede. Se nos fixamos nos datos do INE (2010) o 54,28 % das microempresas dispón de ordenador, un 11,4 % por debaixo da media do estado.

No referente a conexión a rede, un 47,3 % dispoñen dela, sendo un crecemento do 1,3% con respecto o ano anterior, pero a media de crecemento estatal situouse no 4 %.

Solo o 19,6 % das microempresas galegas, que dispoñen de conexión a rede, teñen paxina web, isto ben a supoñer unha relentizacíon con respecto a outros anos, onde a media estatal estaba nos 5,4 puntos porcentuais.

[3] Entendéndose xestionadas por autónomos



Fonte: Elaboración propia según "O ESTADO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA" (OSIMGA)

Aínda que na actualidade so un 43,9% das pymes de Galicia ten contratada conexión a internet a través de banda larga, isto segue supoñendo un 10,5 % menos que a media do resto do estado, e cabe destacar o crecemento que experimentou, nos últimos dous anos (2008-2010). A tendencia a crecer de Galicia foi do 28 % fronte o 11,2% do resto do estado.

No referente o uso do correo electrónico, o crecemento da comunidade autónoma foi de 6,4% fronte o 10,7% do resto do estado.

No que respecta o uso de telefonía móbil o porcentaxe situase nun 64,4% so dous puntos por debaixo da media do estado.

Xa por último valorar o crecemento positivo, dun 2,6 % no uso do intercambio de datos a través da rede situándose nun 10,9% ,e nun 4,7% o de comprar a través da rede, elevando o indicador a 4,3%, (sobre o total de microempresas da comunidade).



No que respecta o emprego de novas tecnoloxías, destacar o uso da sinatura dixital, situándose nun 24,20% fronte o 24,60% da media estatal, no intercambio de datos a diferencia xa se acrecenta cun 9,40 de media en Galicia, fronte a un 12 % no estado, e por último a compra a través de internet no cal a diferencia ca media estatal ronda os 5 puntos porcentuais.

6. CONCLUSIÓNS XERAIS

A situación dos autónomos na provincia de Ourense durante o ano 2011 e o que vai do 2012 queda reflexado neste estudio. A maior parte da información e dos datos proveñen das estatísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social e nos informes proporcionados pola fundación FUNDETEC, mediante o seu estudio " El trabajador autónomo y la Sociedad de la Información", así como o informe elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA).

O mes de decembro de 2010 pechaba o ano con 26.486 traballadores autónomos afiliados a seguridade social, no mes de decembro de 2011, esta cifra reduciuse ata os 26.217 afiliados, o que supuxo unha variación anual de -269 afiliacións. Esta parece que vai ser tamén a tendencia seguir no ano 2012 xa que, publicadas as afiliacións medias do mes de xaneiro, éstas situánse en 215.717, e decir, 500 afiliados con respecto a decembro do 2011 (aínda que se trata de media de afiliacións e non de afiados ó último día do mes).

O primeiro trimestre e o último foron os peores en canto as afiliacións, xa que supuxeron fortes perdas de afiliacións, 192 no primeiro trimestre e 204 no último trimestre (o peor do ano). Como datos positivos o segundo e terceiro trimestre, con leves ascensos (con saldos positivos nas afiliacións de 66 e 61 respectivamente). En canto ó mellor mes en canto as altas nas afiliacións foi o mes de Abril con 346 novas afiliacións, e xaneiro foi o peor ano do mes ó contar con 393 baixas.

Aínda así podemos decir que, dentro da tendencia negativa e de perda sistemática de afiliacións no colectivo dos autónomos, o ano 2011 non foi tan malo como o 2010, onde o descenso anual de traballadores autónomos foi de 733 ou no 2009 que foi de 863.

DESCENSO ANUAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS



Ourense segue sendo a provincia que conta con menos traballadores autónomos afiliados a Seguridade Social. Así Ourense ten un 12,06 % dos autónomos totais de Galicia, fronte as outras provincias: Lugo, 17,24%; Pontevedra, 30,82 %; e Coruña, como máximo representante dos autónomos con 39,86 % dos afiliados.

AUTÓNOMOS GALICIA DECEMBRO 2011



O Réxime especial Autónomo en Ourense supón o 25,24 % (calculada na media anual) do total de afiliados a Seguridade Social nesta provincia. Ourense conta con 104.398 traballadores afiliados a Seguridade Social segundo a media anual do ano 2011, dos cales 26.357 son autónomos (2.900 deles encadrados no Sistema Especial de Traballadores Agrarior por conta propia – SETA-,e 23.457 no sistema normal).

No tocante ó xenero dos autónomos ourensáns, podemos decir que no sistema normal de afiliación a presenza masculina é maioritaria, cun 64,36 % de homes fronte a un 35,64% de mulleres. Por banda contraria, no sistema S.E.T.A a presenza feminina é a maioritaria, cun 68,15 % de mulleres fronte a ún 31,85 % de homes.

Por sectores de actividade podemos decir que o Comercio e Reparación de Vehículos, con 6.320 afiliados (24,09%); Construcción, con 4457 afiliados (17,47%), seguido da Agricultura, Gandeiría, Silvicultura e pesca con 3081 (14,49 %) son as principais ramas de actividade dos autónomos ourensáns. Tamén destacan a Hostalería (11,45% e 3.004 afiliados) e a industria manufactureira con 2.319 afiliados e un 9,21 % do total dos afiliados.

A finais de decembro de 2011 Galicia conta con 34.759 traballadores estranxeiros afiliados, en Ourense as estatísticas deixan unha cifra de 4.427 (un 12,73% do total). Destes traballadores, un 16,21 % son autónomos, e decir, 701 traballadores. Deles un 57,20% non proceden da Unión Europea, e 443 son homes (63%) por 258 mulleres (37%).

Cos datos de xaneiro de 2012, pódese confirmar que a provincia de Ourense é a que ten a pensión media no réxime dos autónomos máis baixa de Galicia (500,18 €), a diferencia da Coruña que, con 526,32 €, ten a pensión media máis alta.

As novas tecnoloxías están chegando ás empresas dos Autónomos lentamente, aínda así o nivel de equipamento e uso das TIC entre os Autónomos rexistra valores inferiores á media estatal. No ano 2010 un 54,28% das microempresas galegas dispoñen de ordenador e o 47,3% teñen conexión a Internet. Un 43,9% teñen contratada conexión a Internet a través de banda larga e un 19,6% das que teñen conexión a Internet dispoñen de páxina web.

Unha gran maioría dos Autónomos descoñecen a utilidade de Internet para a súa actividade profesional, e non o ven como unha ferramenta útil para o seu traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- Paxina web da seguridade Social**, www.seg-social.es**
- ***Estudio elaborado por MTIN - Afiliados estranxeiros por CC.AA., sectores e países de procedencia . decembro 2011"***
- Estudio elaborado por **FUNDETEC " EL TRABAJADOR AUTÓNOMO Y LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN"**
- Estudio "**O ESTADO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA"** elaborado polo Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia (OSIMGA).
- Web coorporativa da federación de Autónomos de Galicia. **www.feaga.org**